


# CADERNO DE NEN@S COVID - 19









Queridos nenos e nenas:

Iniciamos un *novo* curso, *novo* é único, para todos os que formamos esta gran familia do cole de Amoeiro. Estamos desexando vernos e retomar o noso día a día, pero como xa sabedes o COVID-19 segue a estar presente e debemos ser precavid@s e responsables. Nesta tarefa estaredes sempre acompañados polas vosas familias e pola familia do cole, os vosos mestres e mestras.



Neste caderno queremos explicarvos como faremos na escola para adaptarnos a esta nova situación.

<p><b>EQUIPO COVID-19</b></p> 	<p>Na escola contaremos cun Equipo que será o encargado de comunicar calquera incidencia tanto a vós como ás vosas familias. Este Equipo está formado por:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Profe Bea (directora)</li><li>- Profe Marga (suplente/infantil)</li></ul>
---	--



## QUE FAGO ANTES DE IR AO COLE?

<p><b>PREPARO A MOCHILA</b></p> 	<p>Na mochila teredes que meter:</p> <ul style="list-style-type: none"><li> • A axenda. (E.P)</li><li> • O estoxo. (E.P)</li><li> • Unha botella de auga. (E.P e E.I)</li><li> • Almorzo para o recreo. (E.P e E.I)</li></ul> <p> • O material que precisamos para o día: libros, carpeta, caderno...(E.P)</p> <p> • Una bolsa ou caixa para gardar a máscara co nome.(E.P. e E.I) e unha máscara de reposto.</p> <p> • Paquete pequeno de panos (E.P. e E.I)</p>
---	---


Ata novo aviso non poderedes traer á escola xoguetes, cromos, cordas, balóns...


<p><b>COMO ME SINTO HOXE?</b></p> 	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Todas as mañás, comprobaremos a nosa temperatura, se temos tose...</li><li>○ Se tedes algún síntoma teredes que quedar na casa ata que o voso pediatra o diga.</li><li>○ Se non tedes ningún síntoma poderedes vir á escola.</li></ul> 
---	---

## SÍNTOME FENOMENAL, ASÍ QUE... Á ESCOLA!

<p><b>BUS</b></p>  <p>Se vés en autobús téis que poñer a máscara. Recomendable para todo o alumnado.</p>	<p><b>PEÓN CUN ADULTO</b></p>  <p>Se acodes á escola con mamá ou papá, téis que chegar puntual e non esquecer a máscara. O teu/túa acompañante terá que marchar porque non pode entrar ás aulas. No cole recibirate un/unha mestre ou mestra que che indicará o percorrido que debes seguir ata a túa aula, onde estará o/a titor/a ou especialista para recibirte.</p>
---	--

# XA ESTOU NO COLE, E AGORA QUE?

COMO ENTRAMOS?		
<b>Educación Infantil, 1º e 2º Primaria</b>		<b>3º,4º,5º,6º Primaria</b>
Entraredes pola porta das filas do patio cuberto e iredes directamente para a vosa aula, en fila respectando a distancia de seguridade e seguindo os camiños sinalizados. Na aula estará esperando o/a voso/a maestr@ ou especialista.		Entraredes polas portas dianteiras e iredes directamente para a vosa aula, en fila respectando a distancia de seguridade e seguindo os camiños sinalizados. Na aula estará esperando o/a voso/a maestr@ ou especialista.
Diríxome á miña aula procurando tocar o menos posible paredes, interruptores da luz, mobiliario común, portas, pomos ...		
Nos accesos estará sempre un/unha mestre/a para axudarnos e guiarnos, para que saibades en todo momento que tedes que facer e vos sintades acompañad@s e segur@s.		

NA AULA
<ul style="list-style-type: none"><li>• Desinfecto as mans ao entrar na aula.</li><li>• Vou ao meu sitio onde colgo a miña chaqueta na cadeira/colgadoiro e deixo a mochila no meu posto.</li><li>• Teño que lembrar que non podo prestar o meu material.</li><li>• Se usamos algo común teremos que limpalo antes e despois do seu uso.</li><li>• Merendaremos nas aulas (E.I. e E.P), as merendas serán saudables como en cursos anteriores, e non podemos compartir nada c@s compañeir@s.</li><li>• Lavaremos as mans con auga e xabón ou desinfectarémolas con xel, antes de merendar, antes e despois do recreo, antes de baixar ao comedor, cada vez que usemos o baño, e sempre que sexa necesario.</li><li>• É recomendable o uso da máscara tamén dentro da aula en todos os niveis, sempre que sexa posible.</li></ul>

Nas aulas e en todas as dependencias do cole, contaredes co material hixiénico necesario: panos desbotables, xeles, papeleiras...para garantir a máxima hixiene. Mestres e mestras estaremos pendentes para axudarnos en todo momento e recordarnos as normas hixiénicas e sanitarias, se tedes dúbidas preguntade o que precisedes.

## FÓRA DA AULA


**SEMPRE!** que saias da aula tes que recordar dúas cousas:



Pon a túa máscara (E.I.)


É recomendable levala tamén en Infantil

E.P ten que levala en todo momento



Mantén a distancia.

### QUERO IR AO BAÑO!



Os aseos utilizaranse segundo a zona do cole na que nos atopamos, independentemente do sexo, de tal xeito que infantil (4-5 anos), 1º e 2º de primaria utilizarán o baño que está a carón da aula de 3 anos, e, 3º, 4º, 5º, 6º de primaria o que viñan utilizando as nenas ata agora.

Infantil (3-4 anos) ten baño na aula.

Os baños teñen un aforo limitado, polo que non podemos ir tod@s a un mesmo tempo. Cando precisedes ir ao baño tedes que saber:


- Se hai mais nen@s tedes que esperar, respectando a distancia mínima e nos espazos sinalizados para a espera. Se a porta está pechada podeades chamar ou preguntar se está ocupado.
- Intentaredes estar o tempo imprescindible.
- Tedes que lavar as mans despois de ir e utilizar as papeleiras.

### TEMPO DE RECREO!



- Acudiremos ao patio cando o tempo o permita; de non ser así, quedaremos nas aulas, patio cuberto, ximnasio e sala azul.
- No patio xogaremos nos espazos asignados: 5 zonas, unha por día. Un cadro colocado nas aulas indicaranos que zona nos toca cada día. Os primeiros días os profes recordaranos onde temos que xogar.
- Non podemos usar material ( balóns, cordas...), como xa sabedes non podemos traelos á escola.
- Moverémonos polo cole acompañados pol@ maestr@, teremos que ir polo camiño sinalizado e respectando a distancia mínima.
- Para movernos polo centro temos que levar sempre a máscara.

### A COMER!





Acudiremos ao comedor acompañados polos mestres, en orde polos camiños sinalizados e respectando a distancia mínima de seguridade, para transitar pola escola temos que levar posta a máscara.


Colocarémonos por aulas nos espazos asignados, non poderemos deambular polo comedor, se precisamos algo teremos que pedirlo ao persoal colaborador.

Unha vez colocados no noso sitio podemos sacar a máscara e gardala dentro da bolsa ata que rematemos de comer.( Recomendase que a utilicen entre primeiro e segundo prato, e ata que lle sirvan o postre).

## MARCHAMOS PARA A CASA

BUS	PEÓN CUN ADULTO
 <p>Se vas en autobús tes que poñer a máscara. Sairemos por quendas, polos camiños sinalizados e acudiremos directamente ao noso bus, en fila respectando a distancia mínima de seguridade.</p>	 <p>Acudiremos á saída e agardaremos a orde do/da profe que nos acompaña, en fila respectando a distancia mínima de seguridade. Papa, mamá ou a persoa que vos recolla estará esperándovos coa máscara posta e unha vez esteamos fóra teremos que saír das dependencias do cole. Non podemos quedarnos nos patios, nos accesos...</p>

# E SE ESTOU NA ESCOLA E NON ME ATOPO BEN?

	<p>1. Aviso ao/á mestre/a</p>
	<p>2. Na escola teremos un espazo habilitado para estes casos, a aula de acollida temperá. Un membro do equipo Covid do cole acompañaranos a esta sá para avaliar os nosos síntomas e contactar coa nosa familia.</p>
	<p>3. Neste espazo non podo estar con outro compañeir@, soamente poderei estar cun mestre</p>
	<p>4. Chamaremos a casa para informar, para que veñan a buscarvos e seguiremos as instrucións que nos fagan chegar do centro de saúde</p>

# QUE PODO FACER PARA PREVI R A TRANSMISIÓN?



Lava con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel.



Mantén a distancia de seguridade.



Evita tocar os ollos, nariz e boca.



Fíxate ben nos carteis e sinais do cole e respéctaos.



Emprega a máscara sempre, só podes quitala na aula se estás en infantil.



Se te encontras mal queda na casa



Para tusir ou esberrar, tapa o nariz cun pano desbotable ou faino na flexura do cóbado.